

Campeonatos Provinciais Individuais 2019 - BASES

Categorías de Sub-8 a Sub-18, (Clasificatorios para os Campeonatos Autonómicos 2019)

Poderán participar os xogadores federados na tempada 2019 en clubs da provincia de Ourense e que teñan nacionalidade española, bandeira FIDE española e ser seleccionables por Galicia.

Lugar de xogo e sedes:

Centro Cívico de "A Ponte"

(R/ Eulogio Gómez Franqueira nº 43, 32001 – Ourense)

Sede do Club Deportivo Xadrez Ourense

(R/ Ramón Cabanillas nº 10, Local nº 3 – 32003 Ourense)

Categorías, datas e sedes:

Categoría	Sede	Datas e horarios	Ritmo de Xogo
Sub-16 (Desde 2003)	Club Xadrez Ourense	Sábado 19 de Xaneiro a partir das 15.30 horas	45 minutos por xogador
Sub-10 (Desde 2009)	Centro Cívico "A Ponte"	Sábado 19 de Xaneiro a partir das 10.15 horas	30 minutos por xogador
Sub-12 (Desde 2007)	Centro Cívico "A Ponte"	Sábado 19 de Xaneiro a partir das 16.00 horas	30 minutos por xogador
Sub-8 (Desde 2011)	Centro Cívico "A Ponte"	Sábado 19 de Xaneiro a partir das 16.30 horas	30 minutos por xogador
Sub-14 (Desde 2005)	Club Xadrez Ourense	Domingo 20 de Xaneiro a partir das 11.00 horas	45 minutos por xogador
Sub-18 (Desde 2001)	Club Xadrez Ourense	Domingo 20 de Xaneiro a partir das 11.00 horas	1 hora por xogador

Sistemas de Desempate, (serán aplicados serán por este orden):

Bucholz brasileiro (-1, peor resultado) / Número de victorias / Progresivo total.

Inscripcións e prazos:

Antes do Xoves día 17 de Xaneiro ás 22.00 horas, por email a: traxerxadrez@hotmail.com

Premios:

Os tres primeiros xadrecistas clasificados de cada categoría obterán trofeos dispostos polo club organizador.

Organización, arbitrxes e dirección:

Club Deportivo Xadrez Ourense

Aceptación:

os delegados de cada club e os xogadores inscritos, autorizan á organización do torneo á difusión de información ou á utilización de imaxes ou do nome do equipo e os dos seus xogadores nos medios de comunicación ou en publicidades e memorias da competición, sempre que non representen menoscabo da súa honra ou reputación, ou que sexa contraria aos seus intereses, e sempre dentro do marco legal que se fíxa no Código Civil, na Lei de Enxuzamento Civil e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

Cesión de dereitos de imaxe:

A inscrición a este torneo implica a aceptación das bases do mesmo así como autoriza de forma expresa e voluntaria á ORGANIZACIÓN, a empregar gratuitamente os vídeos, imaxes e/ou audios nos que este interveña -incluso aqueles facilitados polo mesmo coa finalidade de:

Publicar na páxina web así como en calquera das redes sociais das que forme parte ou outra publicación impresa e/ou dixital co fin de dar unha maior visibilidade e/ou difusión á actividade da Organización.

Dita autorización refírese á totalidade dos usos que poidan ter os vídeos, imaxes e/ou audios nos que apareza, empregando os medios técnicos coñecidos na actualidade e os que poideran desenvolverse no futuro, e para calquer aplicación. Todo elo coa única salvedade e limitación de aquelas utilizacións ou aplicacións que puidieran atentar ao dereito ao honor nos termos previstos na Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil ao dereito ao honor, a intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

A autorización non fixa ningún límite de tempo para a súa concesión nin para a explotación nas que apareza, polo que a autorización considérase concedida por un prazo de tempo ilimitado.

Esta autorización pode ser revocada en calquier momento polo Interesado, coa salvedade de aquelas actuacións/campañas que estean en marcha, en cuxo caso deberán finalizar para que empece a facer efecto a revocación, polo que a retirada do consentimento, non terá carácter retroactivo.



FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO